

# COIAS

## CEIP SEIS DO NADAL



**XUÑO 2017**

**REVISTA Nº 18**

# EDITORIAL

Chegamos ao remate deste curso cheo de actividades, reunións, festivais, exames, excursións, risas, choros, emocións a oito todo o ano. Emocionámonos viaxando polo mundo, ao longo de todos os continentes. Aprendemos palabras como empatía, sentimento, alegría, enfado, ira, habilidades sociais, etc... e a poñelas en práctica.

Pero unha das emocións máis grandes foi cando o Concello de Vigo, despois de levar dous anos loitando por el, nos trouxo o bam-bam para os nenos e nenas con dificultades motóricas. A súa cara expresaba tanta ledicia que sobaban as palabras. Por fin, eles e elas tamén poden disfrutar do recreo entre o resto do alumnado sen ter que saír das cadeiras de rodas. É moi importante o seu coidado e por eso puxemos unhas cancelas para que polas tardes e as fins de semana non se poidan utilizar.

Por outra banda, a emoción da tristeza estivo moi presente durante o curso en situacións persoais de compoñentes da Comunidade Educativa e imos reseñar a falta da nosa alumna Elena, que despois de moitos anos dándonos alegrías, fóisenos. Unímonos na dor á súa familia.

Foi un ano tamén de moitos éxitos deportivos no que se refire ao Clube de Baloncesto e o de Balonmán, que conta cunha Presidenta que tamén foi mestra do cole.

Con Carlos Casares aprendemos que o galego non só se ten que falar na escola senón que as familias téñenllo que falar aos nenos e nenas, para que o aprendan a querer e usar desde pequerrechiños.

As actividades extraescolares fixeron que polas tardes moito alumnado tivera a oportunidade de facer algo que lles gustaba distinto das actividades lectivas.

Todas as ANPAS que pasaron polo colexio deron o máximo polo cole e agardamos que a que vai coller a testemuña tamén sexa así. Elas tamén son o Seis.

Agardamos que teñades unhas boas vacacións, disfrutando o máximo e...vémonos dentro de pouquiño!

Apertas e bicos

*O Seis máis ca unha escola*

# Comenza o curso 2016-2017 pensando en...Emocionarnos viaxando polo mundo

**PERCORREMOS O MUNDO COS ANIMAIS**

**MÁIS VIAXEIROS DO PLANETA**

- 1º Charrán ártico
- 2º Andoriña
- 3º Balea xorobada
- 4º Tiburón balea
- 5º Tartuga laud
- 6º Salmón vermello
- 7º Ganso peregrino
- 8º León mariño
- 9º Reno americano
- 10º Foca
- 11º Bolboreta monarca
- 12º Caballo do demo

**Sudamérica**

PERU MEXICO VENEZUELA

CULTURA

RETN



**Egipto**

**A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS**

**Africa**

**OBROS XULES VERNÉ**

A ISLA MISTERIOSA

DA TERRA A Lúa

OS FILLOS DO CAPITÁN GRANT

**A ruta de Marco Polo**

**Os piratas do Seis**

CAUSAS SEPARADAS DO SEUS VISUANDO A CRIDA E A MEDICO

# MAGOSTO



Xogos, castañas e baile centraron a celebración do noso Magosto



# SAMAÍN



**Segundo o noso proxecto viaxeiro para celebrar o Samaín montamos unha exposición coas cabazas decoradas polas familias que representaban diferentes países do mundo : Inglaterra, Francia, China,...**



## 25 DE NOVEMBRO, DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Escribimos distintas mensaxes e a pancarta co lema  
"Coordinámonos para vivir sen violencia de xénero"



O venres 25, todas e todos fixemos un acto colectivo. Colocados por grupos, o alumnado de segundo a sexto representou unha escenografía con vasos de cores e coa que manifestamos o noso rexeitamento ao maltrato.



# NADAL

Recanto  
de lectura



A árbore de nadal foi decorada con cubos de papiroflexia



Damos as grazas ás Familias pola súa colaboración co Banco de Alimentos!!!



Quinto e sexto montaron na entrada unha composición con bonecos de neve coas bandeiras de diferentes países e unha montaxe con fotos e emocións

# FESTIVAL DE NADAL

Viaxamos polo Nadal  
con panxoliñas,  
cancións e teatro



2ºA: "Coro das emocións"



Infantil 4 anos: "Os piratas do Seis"



2ºB: Panxoliña "Nadal"





**4ºA: Canción "Bonse aba"**



**4ºB: "A bicicleta"**



**6ºA/B: Teatro "Nos"**

# DÍA DA PAZ



O 30 de xaneiro celebramos o Día da Paz co lema "Tod@s baixo o mesmo sol"

Con camisetas brancas e calcetíns pintados coas cores do arco da vella movémonos ao son da música



Entre tod@s montamos un mural en forma de sol cos nosos sorrisos.



# ENTROIDO

Mandadiños  
do Meco



Neste entroido viaxeiro damos a volta ao mundo con Willy Fog, personaxes do Antigo Exipto (momias, faraóns,..), máscaras venecianas, tribus africanas, os piratas do Seis, bailes de Cuba, Perú e Mexico, os personaxes da ruta de Marco Polo.



**LUNS**  
XA CHEGA O ENTROIDO  
POLO MUNDO ADIANTE,  
ENGALANA A CABEZA  
MOI EMOCIONANTE.  
TRAE O LUNS  
SOMBREIRO OU TURBANTE

**MARTES**  
A EMOCIÓN NAS VIAXES  
ESTÁ GARANTIDA  
SE PÓS NOS TEUS OLLOS  
GAFAS COLORIDAS.  
NON ESQUEZAS O SORRISO  
E DISFRUTA DA VIDA.

**MÉRCORES**  
OBXETO INDISPENSABLE  
NAS TÚAS VIAXES  
UN PIXAMA ACORDE  
Ó PAÍS ONDE VAIAS.  
PODE SER DE FLORES,  
CADROS OU RAIAS (...)

**XOVES**  
MULLERES DE HOMES  
E NENOS DE NENAS,  
TRAE A VESTIMENTA  
DALGÚN FAMILIAR,  
XOVES DE COMADRES  
IMOS CELEBRAR.

**VENRES**  
XA CHEGOU O DÍA  
DA GRANDE EMOCIÓN,  
O NOSO DESFILE  
MOLA MOGOLLÓN.  
SE QUERES VER MUNDO  
ESTA É A OCASIÓN.



Desfile acompañado de coreografías,  
pasarrúas polo barrio, merenda e  
baile!!!!





I3A

Antigo  
Exipto



I3B

Piratas



I4A

Piratas

I4B



Momias

I5A



Exipci@s

I5B



2ªA



Máscaras  
venecianas



2ªB

Personaxes  
"A volta ao  
mundo"

1ªA/B/C



Tribus africanas





4ºA

África



4ºB

Sudamérica



5ºA



Sudamérica



5°B



6°A

Ruta de Marco Polo



6°B

# BIBLIOTECA “ATLAS DOS SOÑOS”

A nosa biblioteca é un espazo de colaboración, de encontro e de convivencia entre todos os membros da comunidade educativa na que intercambiamos información, lectura,... con diversas actividades de formación de usuarios, animación á lectura e investigación documental.

Durante este curso achegámonos á obra de Carlos Casares, Rosalía, Gloria Fuertes, Jules Verne,... fixemos poemas, inventamos e escribimos historias, ilustramos unha canción para a paz, ...



O Club de Lectura formado por 16 alumn@s de 6º, reunímonos para intercambiar opinións sobre diversas lecturas e compartimos unha sesión con Leticia Costas.

## Actividades solidarias

-Polo nadal podemos adoptar un libro.

-II Mercadiño Solidario, levamos un libro a cambio de entregar alimentos non perecedeiros que foron doados ao Banco de alimentos de Vigo.

-Actividade de bookcrossing, liberamos libros polos distintos espazos do centro que ían identificados cun distintivo e que unha vez lidos tiñan que voltar a ser liberados co obxectivo de que o lera o maior número de alumnos/as posible.



Visita o noso blogue

[atlasdossonhos.blogspot.com.es](http://atlasdossonhos.blogspot.com.es)



Como xa ven sendo tradición no noso cole, celebramos o Día do Libro coa experiencia dos Apadriñamentos Lectores nas que os maiores apadriñaron aos máis pequenos cunha lectura que foi preparada con moito cariño e ilusión facendo dese día unha xornada especial.



Contamos coa presenza de varios escritor@s e contacontos que compartiron con nós as súas experiencias.



**Antón  
Cortizas**



**Pere  
Tobaruela**



**Héctor  
Cajaraville**

**Charo  
Pita**



**Iago López**



**Servando  
Barreiro**




**Paco  
Nogueiras**

Proporcionamos materiais para compartir en familia momentos e conversas ao redor dos libros e da lectura :

-Bolsas e mochilas viaxeiras nas que as familias poideron aportar suxerencias, comentarios e propostas a través dos cadernos .

-Guías de lectura, préstamo de adultos,...

Grazas pola vosa colaboración!!!



Ao longo do curso aproveitamos diversas conmemoracións e datas sinaladas para promover creacións literarias, lecturas, exposicións,...



Implicados en promover e facilitar a integración das tecnoloxías emerxentes, dende a biblioteca comezamos a traballar en varias propostas: códigos QR e tabletas.



Para celebrar o mes das nosas letras, o alumnado de cuarto do Cep Celso Emilio Ferreiro e o alumnado de infantil de tres anos do Ceip do Seis do Nadal, fixemos unha actividade de lectura compartida no parque da Bouza.

## LECTORES EXPERTOS




**Avións de papel**  
Xavier Estévez  
Ed. Xerais

Unha novela sobre a amizade relatada sobre o fondo da arte urbana, dos traballos pictóricos, sexan graffitis ou murais, que humanizan a cidade e a fan máis fermosa.

**Agni e a chuva**  
Dora Sales  
Ed. Kalandraka



Pobreza e invisibilidade son o día a día dun neno de 10 anos en Bombai. Dende os 6 traballa nun lavadoiro. E malia todo, sempre sorri.



**Formig4s. Misión Tokyo**  
Pere Tobaruela  
Ed. Xerais

Son os catro integrantes dos FORMIG4S, unha brigada especial que vai ata calquera recuncho do mundo para esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados. "Misión Tokyo" leva os FORMIG4S á capital do Xapón.

## PARA TODA A FAMILIA

**Volta, revolta e reviravolta As Mamiñías**  
Ed. Galaxia



**Poemas de La Oca Loca**  
Gloria Fuertes  
Ed. Kalandraka

**Guía de ciudades**  
Georgia Cherry  
Ed. Sm



**Bo verán e refrescantes lecturas!!!**

Visita o noso blogue

<http://atlasdossonhos.blogspot.com.es/>

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

BIBLIOTECA  
de Galicia "ATLAS DOS SOÑOS"

**GUÍA LECTURAS  
VERÁN 2017**

**Ceip Seis do Nadal**

## PRELECTORES

**Alex e o rato de corda**  
Leo Lionni  
Ed. Kalandraka



E a historia de Alex e Guille, dous ratos de distinta natureza -un de carne e óso, outro mecánico- unidos pola amizade. Esa diferenza non é obstáculo para que se fagan compañía, compartindo aventuras e felicidade.

**Primeira semana na escola de vacas**  
Andy Cutbill  
Ed. Patas de Peixe



É o primeiro día de Daisy na escola de vacas, e os becerriños pásano pipa, pero Daisy non se acaba de afacer.

Esta historia para escachar ca risa celebra a diferenza e aceptación.

**De que cor é un bico?**  
Rocio Bonilla  
Editorial Algar



A Minimoni encántalle pintar mil cousas de cores: xoaniñas vermellas, ceos azuis, plátanos amarelos... pero nunca pintou un bico. De que cor será? Vermello coma unha deliciosa salsa de tomate? Non, porque tamén é a cor de cando estás enfadado...

## PRIMEIROS LECTORES

**Topito terremoto**  
Ana Llenas  
Ed. Beaseoa



Cando Topito esperta... Acabouse a calma! e abaixo, o toca todo. Distráese. Perde as cousas. Non para quieto nun segundo. Diulle que é: inquieto, nervioso, pesado, hiperactivo,...

**Ernesto e Celestina.**  
Músicos da rúa  
Gabrielle Vincent  
Ed. Kalandraka

Os amigos axúdanse nos momentos difíciles. Un oso e unha ratíña atopan na música a solución a un apuro doméstico.



## LECTORES AUTÓNOMOS

**Debaixo dun parasol**  
Arucena Arias Gorrea  
Ed. Xerais



Debaixo dun parasol, tanto ten que sexa de flores ou estea enrruxado, concéñese moitas historias interesantes que se poden recoller nun diario de verán.

**Poemar o mar**  
Antonio García Teijeiro  
Ed. Xerais



Poemar o mar é un libro no que o mar é o gran protagonista, un mar que ronca, que molla con poemas, que ten trenzas, que anda murcho, que chora por dentro e cala por fóra. Mares con ondas amarelas, con illas coma estrelas, mares de plumas que son de auga e mel, mares de tinta verde con barquiños de papel.

**Wonder.**  
Todos somos únicos  
R.J. Palacio  
Ed. Nube de tinta




Unha historia deliciosa, sinxela e amable que ilustra a importancia da diversidade e de aceptar aos demais tal como son.



**A cazadora de estrelas**  
María Canosa  
Ed. Xerais

Aleguiri era unha das mellores cazadoras de estrelas da súa comunidade. As súas frechas trababan no ceo o debuxo dun arco até cravar-se tusto no medio das estrelas pequeniñas e moi brillantes para crear.

# LETRAS GALEGAS



**CARLOS CASARES**

Pasou a súa infancia na vila ourensá de Xinzo de Limia xunto cos seus pais Francisco e Manuela e os seus dous irmáns.


Estudou Humanidades no Seminario de Ourense, estudos que abandonou para facer o bacharelato por libre o que lle deixou tempo para asistir ao faladoiro do galeguista Vicente Risco no Café Parque, da capital ourensá.

Continuou os estudos de Filoloxía na universidade de Santiago de Compostela.

Durante este tempo publicou relatos na revista Grial e, en 1967, publicou na Editorial Galaxia a súa primeira obra, «Vento ferido».

Entrou na Real Academia Galega no ano 1978, sendo daquela o membro máis novo de todos eles.





Participou en política chegando a ser membro do primeiro parlamento galego. Grazas ao seu traballo, xunto ao doutros parlamentarios, aprobouse a Lei de Normalización Lingüística e a creación do Consello da Cultura Galega.


Foi director da Editorial Galaxia e da revista Grial, ademais de ser un prolífico escritor.

Foi o gran precursor da literatura infantil en galego coas obras «A galiña azul» e «As laranxas máis laranxas de todas as laranxas».

Casou con Kristina Berg, de nacionalidade sueca, coa que tivo dous fillos: Hakan e Christian.

Carlos Casares faleceu en Vigo o 9 de marzo de 2002.

A Real Academia Galega adícalle o Día das Letras deste ano.







# INTERTEATRO

Obra :  
"O que fai o meu Bieito,  
sempre vai ben feito"

Este ano levou adiante esta experiencia a clase de 3ºB.

Fomos ao Ceip Ría de Vigo e ao Ceip Pintor Laxeiro. Tamén actuamos nas VIII Xornadas Municipais de Teatro escolar no Auditorio do Concello. Unha experiencia que non esqueceremos nunca!!!



Os artistas somos:  
Laura, Lucía, Asier,  
Noa, Aarón, Miguel,  
Laura, Zaira, Lucas,  
Anxo, Daniel, Brais,  
Iria, Noelia, Gabriel,  
Ruth, Nacho, Alvaro,  
Isabella, Mayra, Diego,  
Óscar, Brais, Carolina.





Grazas aos esforzos das profes Victoria e Ánxeles e tamén moitísimas grazas ás familias que se esmeraron en facer un vestuario que está á altura de calquera obra profesional!!!

# O MAIO



O cole encheuse de diversos elementos vexetais, flores e froitos para adornar o noso Maio.



Un grupo de alumnas, pandereteiras, pertencentes a Lumieiras de Rueiro, cantáronlle ao Maio.

# APRENDEMOS SEN LIBROS DENTRO DA ESCOLA



Agustín Alejos, medallista paralímpico de baloncesto (medalla de prata nos Xogos Olímpicos de Río 2016), visitounos e compartiu a súa experiencia con todos nós. Un mural e uns fachos olímpicos foron a nosa benvida.



Concerto do grupo de música tradicional da Fundación Igualarte.



As aulas de educación infantil de 5 anos, 2º, 4º e 6º, participaron na campaña “Camiña con nós pola igualdade” que, a través de xogos e obradoiros promove a igualdade entre nenas e nenos.

Dinoseto e Dinosetiño ensinaron a correcta separación dos residuos e materiais para a conservación e protección do medio ambiente .



O día 2 de Febreiro, celebramos o Día Mundial dos Humedais cunha actividade proposta pola Concello para o alumnado de 3º e 4º de Primaria, para concienciarnos da importancia do coidado e conservación dos Humedais da nosa Cidade, coñecendo a súa flora e fauna, a través de diferentes obradoiros, nos cales os rapaces ían disfrazados de animais, como a píntega, a rá, a libélula, etc. Posteriormente un biólogo impartiu unha charla sobre o tema a 5º.



Exposición e traballos sobre circuitos eléctricos



Montamos as cúpulas de Leonardo



Charla sobre "Compresión de gases"



Obradoiros e xogos matemáticos e participación no Rebumbio e na Ligamats .



Cosemos os nosos traxes de entroido



Polo Entroido , as mestras Noelia, Belén, Luisa, María, Carmen , Montse e Maite, prepararon unha receita "Petiscos de tetilla galega con marmelo á esencia do Seis". Todos e todas degustamos esta exquisitez. Estaban boísimos!!!!



As clases de infantil e primaria prepararon programas para emitir os venres na Radio Escolar sendo a temática moi diversa e vinculada ao proxecto de centro.

O mestre Luis ensinounos unha exposición de fotos de diferentes lugares do mundo contándonos historias e anécdotas das súas viaxes .



Dúas nais trouxeron diferentes traxes tradicionais galegos desta zona cos seus complementos e deron unha charla ao alumnado de primaria.

Participamos no interteatro con outros centros educativos e recibimos a visita do Ceip Pintor Laxeiro e do Ceip Ría de Vigo.



Recibimos a visita dos alumnos/as de 4º da ESO do IES Valadares para amosarnos os proxectos de tecnoloxía (poleas, engranaxes,...), robots e ata lanzamos un foguete.



Dentro do Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos tivemos varias charlas a cargo de persoal dos Corpos de Seguridade sobre o acoso escolar e o uso de internet e novas tecnoloxías dirixidas ao alumnado de 5º e 6º .

Ao longo do curso contamos coa colaboración constante das familias: contando contos, obradoiros, charlas, recitais musicais,... Moitísimas grazas pola vosa implicación!!!!

## SECCIÓNS BILÍNGÜES

Ao longo deste curso en Plástica Bilíngüe fixemos diferentes traballos artísticos: comenzamos pintando a bandeira de EEUU, país de procedencia da nosa auxiliar de conversa Tierney.

- Fixemos composicións co tangram.
- Polo Samaín decoramos unha Catrina (halloween skull).
- Reinterpretamos cadros de diferentes pintores, como os de: Os xirasois (Sunflowers) de Vincent Van Gogh
- Fixémos láminas basándonos na corrente artística do Pop Art de Andy Warhol e un mural do Guernika de Picasso.
- Inspirámonos na canción “Sky full of stars” de Coldplay para facer un “scratch art”.
- E fixemos tamén manualidades reciclando materiais de refugallo como os pingüinos con botellas ou coellos de origami.





# APRENDEMOS SEN LIBROS FORA DA ESCOLA

## EDUCACIÓN INFANTIL



VISITOU o Zoo, saída á Bouza, asistiu a unha sesión de cine no auditorio do Concello e os maiores foron á Granxa Kirico .



Cantos aprendimos e disfrutamos!!!

**PRIMEIRO**



**Visitaron o Gadis , á policia e foron a Santiago de fin de curso.**



## SEGUNDO



**Naturnova, Afundación,  
Bombeiros, O Castro e  
rematamos coa visita ós  
Muiños de Barosa.**





**TERCEIRO**

**Faro de Vigo, visita a Vitrasa e saída de fin de curso a Pontevedra**



## CUARTO

Paseo pola Bouza coñecendo a súa flora e fauna, visita a Aqualia e pasamos un día en San Cibrán de Lás.



## QUINTO



Visita ao Concello, Centro Interpretación Illas Atlánticas, percorrido pola ruta de Jules Verne , Monte Vixiador e como premio a tanto traballo pasamos un día no parque natural das Cíes.



## SEXTO



**Fomos a escoitar un concerto musical e pasamos tres días en Manzaneda como final de etapa.  
Recordo inesquecible!!!!**



# MURAL

Co obxectivo de impulsar a arte urbana na cidade o Concello a través do seu programa “Vigo, cidade de cor”, está pintando un mural nunha das paredes do centro.



A artista que realiza o debuxo é Begoña Pérez-Herrera que contou coa colaboración da axudante Rosalía e do alumnado no pintado de cores do boceto.

A temática está centrada no mundo dos libros.







Cap.  
Seis do  
Nadal

## EDUCACIÓN RESPONSABLE

O longo deste curso 2016-2017 desenvolvemos no noso centro o programa de Educación Responsable por segundo ano.

Traballamos cos distintos recursos: Literatura e emocións, Banco de ferramentas, Coro das emocións e Reflejarte.

Estas actividades estiveron presentes en todas as nosas celebracións (magosto, nadal, día da paz, día da muller,...) e nas actuacións dos festivais de nadal e fin de curso.



Co recurso Reflejarte achegámonos á artista estadounidense Joan Jonas e como resultado dese traballo e inspirándose nas viaxes polo mundo na clase de 2ºA fixeron unha performance.



No apartado de literatura e emocións traballamos as emocións con varios libros: Que tal estás?, Nadarín e o Monstro de cores.



As clases de 1º realizaron un booktrailer sobre o libro A que sabe a lúa? , "The taste of moon" , en galego e inglés co que participamos en Santiago no encontro intercentros de Educación Responsable.



Os coros interpretaron varias cancións vinculadas ao proxecto do centro: Bonse Aba, Sesere eeye, Heroe, Singing all together.



Na nosa páxina web dispoñemos dun apartado de educación responsable no que fomos incluíndo algunhas das actividades realizadas.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cepseisonadal/taxonomy/term/92>

# ANPA VALENTÍN PAZ ANDRADE

Dende o ANPA do Seis do Nadal queremos agradecer o apoio de todos /as no desenrolo do curso dende a entrada do novo equipo por parte dos socios/as, os membros da Directiva, o profesorado, as cuidadoras, o persoal de comedor, sen o voso apoio non poderíamos facer nada.

A nosa Asociación é a encargada de xestionar as actividades extraescolares e o comedor.

Para nós o primordial son os nenos e nenas e iso é o que nos da forza para coller este proxecto con moitas ganas.

Na festa de fin de Actividades Extraescolares poidemos ver todo o que aprenderon os nenos e nenas do Seis este ano cós:

- Torneos deportivos de baloncesto e balonmán.
- As exhibicións de kung-fu, predeporte, ximnasia rítmica e ximnasia de mantemento.
- As actuacións de música, ballet, inglés, pequenos grandes cineastas, baile moderno e linguaxe de signos.
- A exposición dos traballos de encaixe de bolillos, cómic, pintura e manualidades.

Temos que agradecer ós nosos colaboradores que nos apoiaron para poder entregar os regalos ós nenos e profesores, e as merendas a todo o alumnado de extraescolares. Ademais de agradecer ós voluntarios/as que nos axudaron a organizar a festa.

Este curso nas festas de fin de actividades en Maio e Xuño tivemos:

- Concurso de pintura : este ano co tema " Viaxes polo mundo".
- Torneos deportivos: baloncesto e balonmán.
- Exhibicións de ximnasia rítmica e Ximnasia de mantemento.
- Exhibición de Kung-Fu e de deporte e bailes de patinaxe.
- As actuacións no teatro do cole de música, ballet, linguaxe de signos e pequenos cineastas.
- Exposicion de manualidades, pintura, cómic, bolillos...

Especial mención aos éxitos acadados polo equipo de Kung-Fu no XXXIV Campionato de Galicia celebrado en Lalín: 3º clasificado amarelo benjamín, 4º laranxa Alevín, Campión verde infantil, 4º marrón infantil e 3º azul infantil.



E como todos los anos, a ANPA regala as orlas aos nenos e nenas que rematan a etapa de Infantil e aos alumnos e alumnas de 6º que pasan ao instituto.

Outro punto clave por parte do Anpa é a xestión do COMEDOR e GARDERÍA . Axudamos á conciliación familiar.



## BALONCESTO

Unha tempada máis chega ó seu fin cargada de baloncesto. Pero este curso non foi un curso calquera xa que comezábamos en setembro cun reto moi ilusionante entre as mans: a primeira vez na historia do club que un equipo competiría nunha competición de ámbito nacional, a Liga EBA.

Foi unha tempada longa onde ademais de manexar o presuposto máis baixo de toda a liga, atopámonos con imprevistos en forma de lesión de xogadores importantes dentro do grupo. Todos estes motivos non fixeron que se perdera a ilusión e a motivación, e grazas ao esforzo de todos e ás categorías inferiores das que dispoñemos, puidemos contar con xogadores de categoría júnior e xogadores do Sénior Masculino "B" formados no club desde pequenos e que axudaron a completar o equipo en cada un dos partidos e adestramentos.

Na canteira seguimos traballando duramente para ano a ano seguir medrando. Este ano concretamente contamos con vinte cinco equipos federados (dous máis cá tempada pasada) desde categoría benxamín ata categoría sénior en masculino e feminino, contando con máis de trescentos xogadores e xogadoras no deporte federado. Ademais continuamos coa actividade nas nove escolas deportivas do concello de Vigo nas que traballamos nesta tempada (CEIP Seis do Nadal, CEIP Illas Cías, CEP Celso Emilio Ferreiro, CEIP Pintor Laxeiro, CEP Doutor Fléming, CEIP Javier Sensat, EDM Balaídos, EDM Berbés e EDM Navia), superando os trescentos nenos e nenas.

Sumando os xogadores e xogadoras dos equipos federados e os nenos e nenas das escolas deportivas, o Club Baloncesto Seis do Nadal - Coia aproximouse aos setecentos deportistas esta tempada 2016/2017, deportistas que estiveron adestrados e dirixidos polo corpo técnico máis amplo do panorama deportivo autonómico con máis de trinta adestradores e adestradoras.



O CEIP Seis do Nadal participou nas Ligas Internas de Colexios, Ligas LINCO Concello de Vigo 2017, que organiza o Club Baloncesto Seis do Nadal - Coia ano tras ano. Na 15ª Liga LINCO de categoría minibásquet participaron os equipos As Fraguas Seis do Nadal e Os Pozos Seis do Nadal, ambos en categoría benxamín e As Torres Seis do Nadal en categoría alevín. Na 8ª Liga LINCO XL de categoría infantil e cadete participou o equipo Os Catro Camiños Seis do Nadal. Os catro equipos do colexio puideron demostrar cada venres, desde o mes de xaneiro ata o mes de maio, nos pavillóns de Navia e Balaídos, a súa evidente e gran progresión e tódolos coñecementos adquiridos sobre o deporte da canastra.



Un ano máis desde o Club Baloncesto Seis do Nadal - Coia seguimos destacando como un club moi activo na organización de diversos torneos. Nas vacacións de Semana Santa celebramos a 10ª edición do Torneo de Baloncesto Cadete e o 9º Torneo de Baloncesto Infantil. No mes de maio organizamos o que xa é un clásico na categoría minibásquet: o 17º Torneo de Minibásquet. Por último, en xuño completamos o programa de eventos cunha xornada de moita diversión na 5ª edición do Día do Benxamín

E finalmente atopámonos pechando esta tempada pensando sempre en como mellorar, traballando xa no próximo curso e facendo balance do que foi a tempada. Entre os éxitos colleitados atopámonos coa consecución do Circuito Sub22 Feminino, da Copa Federación por parte dos Preinfantís Masculinos, o Subcampionato Galego do Preinfantil Feminino, proclamámonos campións da Copa Primavera por parte dos Cadetes Masculinos e conseguimos o título de campións (e polo tanto Ascenso á Primeira División) dos Júnios Masculinos na Segunda División.

**18º CAMPUS DE VERÁN 2017**  
**"XORNADAS DE TECNIFICACIÓN"**  
**CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL - COIA**

**DATA:**  
DO 5 AO 8 DE XULLO DO 2017

**LUGAR:**  
COLEXIO SEIS DO NADAL

**MORARIO:**  
DE 10:00 A 12:00 H.  
[HORA NATURAL DE 10:00 A 10:00 H. (con almorzo en horario)]

**CATEGORÍAS:**  
DE BENXAMÍN (2010)  
A JÚNIOS (1999)

**GRUPOS:**  
DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO

**PRECIO CAMPUS:**  
60 EUROS

**PRECIO HORA NATURAL:**  
10 EUROS

50 EUROS PARA DEPORTISTAS DOS EQUIPOS FEDERADOS E DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DO CE SEIS DO NADAL - COIA E OS SEUS BENXAMÍN E JÚNIOS

**XOGA CON NÓS NO VERÁN !**  
[www.seisdonadalcoia.com](http://www.seisdonadalcoia.com) - [areadeportiva@seisdonadalcoia.com](mailto:areadeportiva@seisdonadalcoia.com)  
 Máis información: 627516980

# BALONMÁN



**Chegamos ao remate da tempada 2016-17 na que os éxitos continúan aparecendo no seo do Club Balonmán Seis do Nadal-Coia. O traballo ben feito ten os seus froitos e grazas ao tesón de adestradoras e adestradores, a dedicación de delegadas e delegados e, por suposto, ao esforzo de xogadoras e xogadores, todo é posible.**



**Os prebenxamíns e benxamíns tomaron contacto co balonmán. Este ano, por vez primeira xogouse minibalonmán en ambas categorías.**

**Os equipos alevíns, cadete masculino e xuvenil masculino acadaron o campionato galego. Os xuvenís masculinos loitaron en Coia polo pase a fase final nacional (fase da que foron subcampións) mentres que os cadetes masculinos foron campións da súa fase (gañando aos campións de Castela e León, de Euskadi e de Cantabria) e remataron na cuarta posición no campionato de España que se celebrou en Barcelona.**





Todos os nosos equipos conseguiron manter as categorías de división de honra galega, algo que só dous clubes en Galicia acadan temporada tras temporada.



Os equipos senior de División de Honra Prata Feminino así como o equipo de Primeira Estatal Masculino mantiveron as súas respectivas categorías sen problemas. O mesmo fixo o equipo de 1ª Autonómica Masculina que demostrou un gran potencial, acadándose o subcampionato tanto na liga como na Copa Federación.

Un ano máis agradecemos a participación de todo o alumnado Colexio Seis do Nadal que se decide por practicar deporte, e que ano tras ano fannos sentir orgullosos de ensinar balonmán. Cada ano máis integrantes do noso clube acoden as Seleccións Galegas e tamén ás Nacionais, con ata 6 xogadoras e xogadores convocados para as concentracións e torneos de verán da Selección Española. Agardámosvos de novo a vindeira tempada.

**DESPEDIMOS  
AOS  
SEXTOS!!!**



**SORTE!!!!**



**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**

**CEIP SEIS DO NADAL**

**Rúa Mondariz Nº 2, 36209 Vigo**

**Paxina web:**

**<https://www.edu.xunta.gal/centros/cepseisdonadal/>**